

UN RECITAL DOS TEXTOS PERDIDOS DE MARÍA MARIÑO ABRIU EN BARCELONA A SEMANA DO LIBRO GALEGO



Helena González e Henrique Alvarellos, na Galería Sargadelos de Barcelona, no acto de presentación do libro

- **A Galería Sargadelos acolleu a presentación do libro inédito de 1965 *Más allá del tiempo* aparecido hai tres meses e publicado agora por Alvarellos Editora.**
- **No acto participaron varios actores do grupo Furafollas, a autora do estudo desta obra, Helena González, e o editor Henrique Alvarellos**

A Galería Sargadelos de Barcelona acolleu onte, mércores, un recital de textos do libro inédito de 1965 de María Mariño *Más allá del tiempo*, publicado por Alvarellos Editora dentro da súa Colección Rescate. Un grupo de actores do colectivo teatral “Furafollas” puxo voz, por vez primeira, a uns relatos e uns poemas que levaban perdidos máis de corenta anos.

Durante o acto, que abriu a Semana do Libro Galego en Barcelona, organizada pola Asociación Galega de Editores máis a Galería Sargadelos, presentouse tamén oficialmente esta obra, un volume que saíu á rúa hai quince días. Interviron a profesora de Literatura Galega da Universitat de Barcelona e autora do estudo e edición do texto, Helena González, e o editor Henrique Alvarellos.

Helena González destacou que “a idea deste acto é a de poñerlle poz a unha escritora descoñecida, amordazada”, ao tempo que definiu *Más allá del tiempo* como un “obradoiro literario da autora”; así mesmo, González sostivo na súa intervención que “a mellor biografía de María Mariño está na autobiografía que lemos en *Más allá del tiempo*”.

alvarellos

EDITORA

O editor, pola súa banda, comezou a súas palabras facendo referencia a que se presentaba en Barcelona “un libro que foi escrito hai máis de corenta anos pero que apareceu hai tres meses; un inesperado achádego que se enriqueceu de maneira significativa co inspirado e clarificador traballo da profesora Helena González”.

Entre o numeroso público que se congregou na Galería Sargadelos da rúa Provença, estiveron presentes o catedrático xubilado de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universitat de Barcelona Basilio Losada ou o escritor Xosé Lois García.



Público asistente ao recital no salón de actos de Sargadelos



Basilio Losada, Xosé Lois García e Helena González conversan ao remate do acto

[máis información sobre esta obra en www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1º C
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137